

ACTA DA ASEMBLEA CELEBRADA O MÈRCORES 25 DE OUTUBRO DE 2006

A delegación encargada da súa organización propón a seguinte orde do día:

0. Orde do día.
1. Aprobación (se procede) da acta da anterior asemblea
2. Proposta de organización dun curso sobre o asemblearismo
3. Xuntanza interasemleable
4. Información plan Boloña
5. Comisións
6. Varios

0. Proposta de orde do día aprobada , previa introducción dunha serie de modificacións

6. Xuntanza co decanato para informar sobre o cambio de turno.
7. Analizar e estudar a situación dos postos vacantes na xunta da facultade.

1. En relación co acta da asemblea anterior presentáronse dúas alegacións:

1. A non aprobación da segunda sesión da asemblea por non ser publicitada a súa convocatoria.

2. Que as propostas aprobadas figuren no acta coas modificacións que se levaran a cabo.

Unha vez introducidas estas alegacións queda aprobada a primeira sesión da asemblea anterior coas modificacións introducidas a partir de ditas alegacións .

2. Neste apartado e unha vez informada e documentada a asemblea sobre os procedementos a seguir (vèase anexo 1) , decidiuse traspasar a delegación de formación dita documentación para que esta poda comezar a traballar na mesma e configurar polo tanto o curso sobre o asemblearismo.

3. En relación a este punto proporcionouse a asemblea toda a información obtida en dita xuntanza , entre algún dos contidos destaca a posibilidade de crear unha coordenadora xeral que ordee e agrupe a tódalas asembleas. Neste senso decidiuse agardar a vindeira convocatoria interasemleable sendo os encargados de acudir a mesma Iñaki e Gregorio.

4. Propúxose a creación dun debate dentro da propia asemblea sobre o citado plan Boloña , e adoptar así unha postura común o respecto. A decisión da asemblea foi o de introducir este tema coma punto da orde do día da seguinte convocatoria e permitir así os membros da mesma documentarse e informarse sobre o citado plan Boloña .
Dicir que Dani ofreceuse voluntario para pasar información concerniente o tema a través da conta de correo.

5. En referencia a composición das delegacións , confirmàronse os membros de cada unha delas , así coma a data da primeira xuntanza:

1. Asesoría xurídica: Iñaki , Fran , Dani , Xoan
(1ª xuntanza o martes 31 de outubro as 17:30)
2. Extensión cultural : Gregorio , Ricardo , Alba , Uxía , Begoña.
(1ª xuntanza o xoves 2 de novembro as 17:30)
3. Comisión de formación: Dani , Aurelio , xurxo.
(1ª xuntanza o martes 31 de outubro as 18:00)

Acordouse que as delegacións de formación e extensión cultural manteñan unha xuntanza para a súa legalización.

Do mesmo xeito acordase a publicitación de ditas comisións a través da conta de correo así coma por medio dunha comisión temporal de marketing formada por Gregorio , Dani e Ricardo , a súa xuntanza queda marcada para o luns 30 de outubro as 17:30 .

6. Neste particular a asemblea foi informada sobre o comentado en dita xuntanza co decanato en relación ao cambio de turno , onde , entre outras cousas proponse eliminalo grupo da tarde en cursos posteriores.
Decídese que o debate quede aberto de cara a vindeiras asembleas .

7. A este respecto comentase e expónse a situación da xunta da facultade e a posible renuncia de 3 dos seus membros por mor do programa “Erasmus”. Decídese establecer contactos co resto de sindicatos presentes na xunta para recabar información e conquistar a renuncia dos citados membros .

O tema será punto na seguinte orde do día por decisión da asemblea a cal decidiu que os encargados de establecelos contactos sexan Dani e Iñaki .

- 8.** infòrmase do interese dun grupo novo en dar unha charla con tema a escoller :
- _ Palestina histórico
 - _ Latinoamérica

E a cal sería aprox. Dentro dun mes , onde a asemblea actuaría coma organizadora.
A este respecto decídese traspasar o asunto a delegación de formación para o seu estudio .

Proponse o debate sobre un novo lugar de reunión e decídese intentalo nos colexios maiores , encargándose do mesmo Xoan e Begoña , así coma de tentar unha solución dentro da propia facultade sendo o encargado de establecer contactos co decanato Gregorio.

Proponse e decídese que as delegacións teñan potestade para convocar asembleas con carácter de urxencia .

Solicítase información sobre a situación da páxina web sendo aclaradas tódalas dúbidas polo responsable da mesma.

Pròxima asemblea : Martes día 7 de novembro as 20:30 horas .

Moderador: Ricardo
Redactora do acta: Alba
Auxiliar: Dani

Os 3 encargaranse da redacción da orde do día , da publicación da convocatoria e de solicitalo aula.

Remate da asemblea : 22:31 horas

(mércores 25 de outubro de 2006)